



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/72	GOB18I00US	
5U28 115O 1M6D 6L3I 0YCC		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOCE DE SETEMBRO DE DOS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES: <u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ <u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE <u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u> DON PABLO FREIJOMIL OJEA <u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u> DONA MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do doce de setembro de dos mil veinticuatro, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa-presidenta, Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretaria MªANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, a secretaria substituta.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2024.-

Vista a proposta formulada que di así: O día 03-09-2024 a técnica do Servizo de Normalización Lingüística elevou á concelleira delegada de Política Lingüística o informe-proposta co código ASI18I00SO, do expediente ASI/2024/147 que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2024

O día 11-04-2024 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2024.

O día 12-07-2024 publícase no DOG a resolución da subvención solicitada á Secretaría Xeral de Política Lingüística, aprobada por un importe de 7.070,47 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Política Lingüística que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aceptar a subvención recibida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística polo importe indicado de 7.070,47 euros.

Segundo.- Aprobado o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón para a anualidade 2024, que é o seguinte:

Custos totais de persoal	67.849,40 euros	
	9200-12000	17.216,08 €
	9200-12006	3.313,30 €
	9200-12100	9.572,50 €
	9200-12101	12.625,20 €
	9200-15000	10.840,28 €
	9200-16000	14.282,04 €
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	20.000 euros	
Subvención concedida pola SXPL	7.070,47 euros	
Achega do concello	40.778,93 euros	

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2024.

Terceiro.- O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que considere máis oportuno”

Logo de ver o informe favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO18I00AP, esta concelleira delegada de Política Lingüística propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE 20 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR (OPE23-24).

- Vista a proposta formulada que di así: Vista a proposta de aprobación das bases específicas para a provisión de 20 prazas de bombeiro - conductor emitida polo servizo de organización e RRHH (PER18I04EG). Visto o informe da intervención (INT18I010A) intervido desfavorable (con efectos suspensivos). Visto o informe de levantamento de reparo emitido polo servizo de organización e RRHH (PER18I04L6), está alcaldía, propón a esa Xunta de Goberno local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

Aproba a convocatoria e as bases específicas do concurso-oposición para a provisión de vinte prazas de funcionario/a de carreira, bombeiro-condutor C1, administración especial, servizos especiais, extinción de incendios, incluídas nas ofertas de emprego público de promoción interna para 2023 e para 2024 co seguinte literal :

BASES ESPECIFICAS PARA A PROVISION DE 20 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR

1.- Clasificación da praza.- Escala de Administración Especial . Subescala: servizos especiais, extinción de incendios

2.- Número de prazas.- 20 (códigos dende o 2220027 ata 2220046)

3.- Dotación económica.- As retribucións correspondentes ao subgrupo C1, e os complementos dos postos a cubrir, segundo os acordos adoptados pola Corporación ao respecto.

4.- Sistema de provisión.- Promoción interna, por concurso oposición.

5.- Titulación esixida.- Bacherelato ou equivalente

6.- Requisitos dos/as aspirantes.- Os que se determinan nas bases xerais, debendo reunir ademais os seguintes:

- Ser funcionario de carreira do Concello de Narón, pertencente ao subgrupo C2, Escala de Administración especial, subescala servizos especiais, extinción de incendios
- Ter, polo menos, unha antigüidade no grupo de procedencia de 2 anos, dacordo co establecido no art.18.2 do RDL 5/2015

7.- Misión do posto e funcións (do 01.02.C028 ata o 01.02.C047)

a) Procurar a seguridade de persoas e bens en situacións de emerxencia infundindo tranquilidade na cidadanía.

b) Funcións dos posto:

- I. Prestar servizo de garda na quenda que lle corresponda.
- II. Atender todas as emerxencias e incidentes que lle sexan encomendadas ao servizo.
- III. Manexar vehículos municipais baixo as indicacións dos/as superiores/as.
- IV. Realizar tarefas de mantemento, manobras ou prácticas que se fixen cando non estea a intervir en ningunha emerxencia.
- V. Conservar en bo estado o seu equipo persoal e diverso material empregado, dando conta ao/a xefa/a inmediato/a do mal estado de calquera elemento para o seu arranxo ou substitución.
- VI. Formarse no manexo dos aparellos, ferramenta e útiles propios do servizo.
- VII. Atender e participar en todas as funcións e traballos de prevención que realice o servizo.
- VIII. Colaborar na coordinación de actividades da AVPC.
- IX. Exercer diligentemente as funcións do seu posto, sen prexuízo de calquera outra que por razón de urxencia ou necesidade lle fora encomendada polos superiores xerárquicos.
- X. Substituír ao/á superior/a xerárquico/a inmediato en caso de ausencia ou vacante.

8.- Documentación a presentar xunto coa instancia.- (non será necesario acreditar os datos que consten no Concello de Narón, pero deberán ser alegados para a súa comprobación pola Administración deste Concello)

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante de pago dos dereitos de exame
- Fotocopia compulsada dos méritos alegados, no seu caso.

9.- Dereitos de exame.- 8,57 euros.

10.- Composición do tribunal.- O tribunal estará composto por:

- Presidente (titular e suplente)
 - Un funcionario/a municipal.
- Vogais (en número de tres titulares e suplentes)
 - Funcionario/as de calquera administración pública.
- Secretario/a (titular e suplente).
 - Funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública

11.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.-

O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

11.1.- FASE DE CONCURSO



A fase de concurso que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superalas probas da fase de oposición.

Para o devandito concurso acompañarase relación secuenciada dos méritos que se aleguen, unindo á relación os documentos acreditativos dos mesmos (non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden acreditados no prazo de presentación de instancias.) Aqueles méritos que consten no Concello de Narón, deberán ser alegados e poderase solicitar a súa acreditación á propia Administración Municipal)

Os méritos serán alegados no impreso oficial establecido a tal efecto, e se acreditarán na mesma orde que se reflexen no impreso.

Na devandita fase avaliaranse os méritos do xeito que se reflicte de seguido, ata un máximo de 4 puntos:

Servicios prestadosmáximo 2 puntos	
Servicios prestados no Concello de Narón en praza do grupo C2, administración especial, servicios especiais, extincion de incendios	0,40 puntos por ano traballado
b) Formaciónmáximo 2 puntos	
b.1)Cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza recibidos polo aspirante.- So se valorarán os cursos homologados oficialmente e impartidos por organismos públicos e centros autorizados, asi como os estudos e as titulacións universitarias en universidades públicas ou privadas acreditadas a través de créditos ECTS	Entre 15-20 horas..... 0,1 puntos Entre 21-40 horas... ..0,15 puntos Entre 41-100 horas.....0,20 puntos Mais de 100 horas1,0 punto

Non se valorarán as titulacións que se requiran como requisito de acceso á praza.

Os méritos valoraranse con referencia á data en que remate a presentación de instancias e acreditaranse no momento de formaliza-la solicitude de participación, presentando a documentación orixinal ou fotocopias compulsadas ou solicitude de comprobación por parte da Administración do Concello de Narón, no seu caso.

11.2-FASE DE OPOSICIÓN

Constará dun exercicio práctico, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar unha práctica, a elixir polo aspirante, entre dous ou varias prácticas, a proposta do tribunal, no tempo máximo de unha hora, relacionada/s co anexo que se achega a estas bases.

Para realizar este exercicio os/as aspirantes terán a súa disposición todos os medios materiais e técnicos necesarios para a realización da mesma/s

O tribunal adoptará as medidas que considere oportunas para garantir a seguridade dos aspirantes durante a realización da práctica/s

O exercicio cualificarase de 0 a 6 puntos, e será preciso acadar unha puntuación mínima de 3 puntos para superalo.

A puntuación final obterase sumando as obtidas nas fases de concurso e de oposición.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.

ANEXO

- 1º. Prevención de riscos asociados a intervencións típicas. Conceptos básicos en prevención e saúde. O recurso preventivo e as súas funcións no ámbito dun servizo de emerxencias.
- 2º. Clasificación dos Equipos de Protección Individual (EPI). Selección, uso e conservación dos Equipos de Protección Individual (EPI). Guías para a selección de EPI.
- 3º. Avaliación de riscos na profesión de bombeiro. Características básicas das avaliacións de riscos. Clasificación das actividades laborais. Análise de riscos. Avaliación do risco.
- 4º. Soporte vital básico (BLS). Cadea de supervivencia. Reanimación cardiopulmonar. Intoxicación por gas e obstrución das vías respiratorias, formas de proceder.
- 5º. Traumatismos e fracturas, contusións, luxacións, fracturas e as súas formas de acción.
- 6º. Electrocucións e choque. Método de rescate e manexo de situacións típicas.
- 7º. Queimaduras, golpe de calor e hipotermia. Formas de proceder e manexar situacións típicas.
- 8º. Traxes de protección para intervencións tipo (protección térmica - intervención asociada a incendios, protección química, protección biolóxica, radiación). Procedemento de vestido e desvestido en circunstancias de risco químico - biolóxico.

9º. Sistemas de abastecemento de auga. Hidrantes. Columnas secas. Bocas de Incendio Equipadas. Secuencia de revisión preventiva vinculante sobre o seu estado operativo.

10º. Equipos eléctricos e coxíns de elevación. Procedemento de traballo e posta en marcha segura.

11º. Equipos de aspiración e impulsión. Bombas centrífugas. Mangueras de entrega e aspiración. Unir elementos entre liñas. Lanzas de proxección de auga. Lanzas de protección (cortinas). Secuencia de montaxe da instalación básica tipo A, B e C.

12º. Equipos de xeración de espuma. Funcionamento básico. Clasificación dos concentrados de espuma. Secuencia de succión de espuma a través do corpo da bomba.

13º. Manobras de rescate en altura e espazos reducidos. Manobras de acceso mediante técnicas de progresión vertical. Secuencia tipo ascenso por corda fixa.

14º. Medios móbiles. Vehículos auto bomba. Especiais, Autoescala. Escriba a secuencia para iniciar o auto escaleira automática extensible L-20.

15º. Manobras de control e extinción de incendios. Incendios estruturais, fases de desenvolvemento. Fenómenos violentos. Métodos estruturais de extinción de incendios. Indicadores e seguridade ante o risco de fenómenos violentos con ventilación reducida (Backdraft) ou sobre potencia (flashover), indicadores e medidas de seguridade. Procedemento de traballo en método, fases e accións ofensivas.

16º. Incendios industriais. Características. Métodos e técnicas de extinción de auga-escuma. Montaxe básica dunha instalación de espuma con eductor-proporcionador de espuma en liña.

17º. Manobras básicas para a identificación de perigos no transporte de substancias-mercancías perigosas. Clasificación e sinalización. Procedemento básico de identificación de paneis e etiquetas.

18º. Incidentes con substancias perigosas. Equipamentos e materiais para intervencións no traslado de substancias perigosas. Bombas de transferencia eléctricas e pneumáticas. Posta en marcha das operacións de traslado, secuencia de obras.

19º. Instalacións e subministracións no edificio. Manobras de corte de subministración. Procedemento de intervención en redes de distribución ou transporte de gas nos casos de fuga non e fuga por incendio.

20º. Equipos hidráulicos de corte e separación. Componentes dun equipo de liberación hidráulica. Secuencia básica de posta en marcha de ferramentas hidráulicas para uso en accidentes de tráfico.



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4